

## Á/A ATENCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA

17 DEC. 2010

NÚMERO

ENTRADA

Os sindicatos abaixo asinantes vimos comprobando nos últimos anos:

- **O aumento do número de alumnos/as de portugués no ensino, con especial atención ao ensino secundario:** unha vez analizada e estudada a presenza da lingua portuguesa no ensino secundario de Galicia (no ano académico 2008-2009) os datos xerais amosan que existen 4 centros con portugués nas provincias da Coruña e Ourense, 6 na provincia de Lugo, e 8 na provincia de Pontevedra, sumando un total de 22 centros con horas de portugués que, no seu conxunto, dan cobertura a **máis de 600 alumnos/as** (o que se corresponde case coa metade do total dos alumnos/as de portugués do ensino público e regulado en toda Galicia e en todos os niveis: EOI, primaria e secundaria, onde fan un total de **máis de 1.350 alumnos/as**.)

En definitiva, a evolución do **número de alumnos/as estudando portugués en secundaria vai en aumento**, cando menos, **nos dous últimos anos académicos**, o que debe ser estudado, analizado e valorizado para actuar en consecuencia e poder responder con calidade e eficacia ás novas esixencias educativas.

- **A deficiencia de servizos por parte da administración:** ensino secundario constatamos que realmente non existe un maior número de alumnado porque non se dispón de horario para atendelo, chegando incluso a extremos de que o actual profesorado de portugués, como segunda lingua optativa nos centros galegos, se vexa na obriga de soportar nun grupo máis alumnado do que a mesma lei permite, **non podéndose dividir porque non existe profesorado**.
- **A necesidade de potenciar os estudos de portugués.** Con máis de 200 millóns de falantes de portugués teremos a capacidade de comunicarnos con diferentes países e esta capacidade, en momentos de crise como os que corren, deberá ser aproveitada e fomentada ao máximo, tendo en conta, ademais, que estamos a falar de poder comunicarnos co Brasil que ten unha importancia estratéxica considerable como potencia emerxente a nivel mundial.

**A implantación do portugués no ensino sería a forma de concretar a potencialidade do galego** dado que estudando unha lingua próxima e útil (é a terceira lingua europea máis falada en todo o mundo e ocupa o quinto posto a nivel mundial das linguas máis faladas do mundo) daríamos visibilidade e competitividade á sociedade galega internacionalmente aumentando a súa capacidade de comunicación efectiva e significativa cun gran número de países e falantes do mundo (con todos os beneficios e rendibilidades que iso facilitaría e implicaría).

**Non deixa de ser sorprendente que a presenza da lingua portuguesa noutras comunidades autónomas do Estado español**, como pode ser o ben coñecido caso da Extremadura, o de Castela e León onde tamén xa existen prazas de portugués no ensino secundario, así como a recente nova da implantación do portugués como segunda lingua no

niveis e 26 de inglés nos seus diferentes niveis tamén.

- Ofrecer á sociedade galega a oportunidade de aprender con calidade e recursos adecuados unha lingua que lle é próxima e accesible, que por iso mesmo pode ser aprendida con rendibilidade en moi pouco tempo, e que posúe unha potencia internacional o que abriría moitas novas portas e daría novas perspectivas económico-productivas á nosa comunidade.

polo que, **demandamos**

**Unha correcta e normativa implementación da especialización no ensino do portugués como segunda lingua estranxeira e unha non discriminación dunhas linguas en detrimento doutras.**

**A convocatoria de oposición neste curso 2010/2011 para a especialidade de portugués no ensino secundario e o establecemento dunha listaxe de substitucións propia co requisito da titulación de portugués ou a que a lexislación actual estableza.**

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2010.



CIG-Ensino



FE-CCOO



FETE-UGT



ANPE



STEG



CSIF



CNT



CUT